



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

SEC 2017-42

SUBVENCIÓN PARA TRABALLADORES AUTÓNOMOS 2017

Monterrei, 15 de Marzo de 2017

EDICTO

BASES DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017 DAS AXUDAS A TRABALLADORES AUTÓNOMOS DO CONCELLO DE MONTERREI

1. Obxecto e contía da subvención.

O financiamento durante 12 meses consecutivos, con 50 € mensuais, das cotas da seguridade social que paguen os traballadores que se dean de alta durante o ano 2017 no Concello de Monterrei, no réxime especial de traballadores autónomos.

2. Financiamento da subvención.

Será con cargo a fondos propios do Concello de Monterrei, debidamente consignados no orzamento do ano 2017.

3. Requisitos para poder percibir a subvención.

+ Estar empadroado e residir efectivamente no Concello de Monterrei no momento de darse de alta no Réxime Especial da Seguridade Social. Este requisito comprobarase de oficio por parte do Concello.

+ Darse de alta no ano 2017 no Réxime Especial de Traballadores Autónomos para unha actividade económica ou agraria que se desempeñe efectivamente no municipio de Monterrei. Esta subvención terá efectos retroactivos, e teranse en conta as altas dende o 01-01-2017.

+ Non ter estado nunca dado de alta previamente neste réxime, para esa mesma actividade, no municipio de Monterrei.

4. Réxime da subvención

A subvención será concedida sempre que se reúnan os requisitos para poder acceder a ela e non estea esgotado o orzamento desta liña de axudas cun límite máximo de 3.000 euros. Non se establece réxime de concorrencia competitiva.

5. Procedemento para a solicitude da subvención.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O traballador por conta propia que cumpra cos requisitos especificados anteriormente, formulará a solicitude que figura como anexo a estas bases, e achegará:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da alta no ano 2017 no Réxime Especial da Seguridade Social como Autónomo.
- Informe da vida laboral.
- Os xustificantes do pagamento dos tres primeiros meses de cotización á Seguridade Social polo mencionado réxime, a partir da data de alta.
- Un certificado de conta bancaria a nome do solicitante, onde poder facer efectivo o ingreso da subvención.
- Declaración responsable e xurada, de que cumpre cos requisitos para poder ser beneficiario dunha subvención, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable e xurada de que non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria, nin coa Seguridade Social, nin con ningunha outra Administración pública.

Seguidamente, o axente de emprego e desenvolvemento local emitira un informe no que se faga constar se a persoa solicitante cumpre cos requisitos para poder percibir a subvención. Se este informe é favorable, a Xunta de Goberno do Concello aprobará a concesión da subvención, e aboaranse os tres primeiros meses.

Para o pagamento das mensualidades sucesivas, o interesado presentará, cada 3 meses, os xustificantes do pagamento dos seguros sociais, así como unha declaración actualizada de que cumpre cos requisitos para ser beneficiario da subvención. A Xunta de Goberno do Concello acordará o pagamento trimestral, ata esgotar o prazo dos 12 meses que se conceden para cada alta nova de traballador.

6. Prazo para poder solicitar a subvención.

Esta subvención poderá solicitarse durante todo o ano 2017, a partir da data de publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia*.

7. Normativa aplicable

Lei estatal 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
Lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Monterrei, 15 de marzo de 2017

O alcalde

José Luis Suárez Martínez